


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

26-27 de outubro do 2024

XXX ORDINARIO B



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDE DE BENVIDA

🎵 n° 1 *Que ledos hoxe estamos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Moitas veces cóstanos VER. Coma o cego Bartimeo do evanxeo de hoxe, estamos esperando ao lado do camiño que a luz pase ao noso carón e, sen esforzo pola nosa parte, entender o que sucede ao noso arredor. Non podemos quedar así.

Son moitas as cegueiras nas que vivimos e nas que podemos por luz coas nosas palabras e cos nosos feitos.

Queremos por luz alí onde hai silencio e soidade.

Queremos por luz axudando aos máis pequenos a medrar na vida segundo os valores do evanxeo.

Queremos por luz de paz alí onde se dá a amargura e a violencia que mata a vida mesma.

Queremos por luz coa nosa esperanza alí onde medra o fracaso, a rutina e a desesperación.

Xesús, que lle deu a Bartimeo a luz para ver, é o mesmo ao que nós lle pedimos nesta celebración que nos axude para que tamén nós poidamos por luz ante as cegueiras de cada día.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante *Invoquemos a misericordia de Deus polas veces estamos cegos ante as necesidades que hai ao noso redor. Queremos pedir perdón porque queremos facelo mellor:*

Monitor/a

➤ Queremos pedir perdón polas veces que non queremos ver as nosas ruindades e os nosos erros.

SEÑOR, ABRE OS NOSOS OLLOS

➤ Queremos pedir perdón polas veces que non queremos ver o que os demais necesitan de nós.

CRISTO, ABRE OS NOSOS OLLOS

➤ Queremos pedir perdón polas veces que non queremos escoitar as queixas e os sufrimentos dos que están tirados no camiño da vida.

SEÑOR, ABRE OS NOSOS OLLOS

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos, confiamos que o Señor nos concede o perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos esta parte da celebración pedíndolle ao Señor aumentar a nosa fe para ver, a esperanza para esforzarnos e a caridade para actuar neste mundo cheo de cegueira.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, Noso Pai,
aumenta en nós a fe, a esperanza e a caridade.

Para que poidamos acadar o que nos prometes,
fainos amar o que nos mandas.

Pedímoscho polo mesmo Xesucristo,
sabendo que el viviu no medio de nós
valorando as persoas, non polo que teñen,
senón polo que son.

El que vive e reina por sempre eternamente.
Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *A Palavra de Deus que escoitamos ten que ser a luz que nos axude a ver as circunstancias e momentos da nosa vida cando temos dúbidas e somos incapaces de atopar o camiño que nos faga actuar de acordo coa nosa fe. É hora de escoitar para poder facernos crentes cribles.*

Leccionario I B páx

Is 53, 10-11

LECTURA

LECTURA DO LIBRO DO PROFETA XEREMÍAS

Así fala o Señor:

- Aclamade a Xacobe con gritos de alegría, gritádelle á primeira das nacións.
- Pregoadе, louvade, clamade:
"Salva, Señor, o teu pobo, salva o resto de Israel".
- Vede: vounos traer do país do norte, vounos reunir desde os cabos do mundo.
- Entre eles haberá cegos e coxos, a que está en cinta xunto coa parida, volverán en enorme multitude.
- Velaí, chegarán chorando; pero entre aclamacións de agradecemento, heinos conducir, heinos levar aos regueiros de auga por un camiño seguro onde non han tropezar.
- Si, volvereime pai de Israel, e Efraím será o meu primoxénito.

Palabra do Señor

🎵 7 *Andarei na presenza do Señor* SALMO



(en pé) *Leccionar I B páx 265 Mc 10, 46-52 EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela chegou Xesús a Iericó. Cando saía cos seus discípulos e outra moita xente, Bartimeo, o fillo de Timeo, un cego pobre de pedir, estaba sentado a carón do camiño. Oíndo que pasaba Xesús o Nazareno, empezou a berrar:

- ¡Xesús, Fillo de David, ten piedade de min!
Deténdose Xesús, dixo:
- Dícidelle que veña aquí.
E chamaron polo cego, dicíndolle:
- ¡Veña, érguete, que te chama!
El, ceibándose do manto, veu dando brincos ata onde estaba Xesús. Este preguntoulle:
- Que queres que che faga?
O cego respondeu:
- Mestre, que volva a ver.
Xesús díxolle:
- Vai, salvoute a túa fe.
E no instante comezou a ver, e seguiu polo camiño.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Acaso
non seremos
tamén nós cegos
no camiño?

Somos cegos
no camiño cando
só vemos unha
economía inxusta
se nos afecta á
nosa carteira.

Somos cegos no camiño cando deixamos só nos mestres a tarefa de educar e non facemos o que nos toca a nós como pais e nais.

Somos cegos no camiño cando non coidamos ben esta terra, e cegados non vemos o que as eléctricas queren facer cos muíños eólicos. Cómprannos por un puñado de euros e vendemos o futuro das vindeiras xeracións.

Somos cegos no camiño cando a violencia se vai impondo a base afogar os soños da paz.

Somos cegos no camiño cando nos contentamos cunha fe de rutinas e costumes, lonxe da responsabilidade de axudarmos a abrir os ollos de quen está cego.

Só poderemos ser cribles abrindo os ollos.

(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: *No evanxeo de hoxe Xesús danos a LUZ para ver o camiño a seguir para ser as súas testemuñas nun mundo moitas veces cego ante as necesidades de tantos homes e mulleres que sofren. Coma Bartimeo sigámolo e proclamemos:*

♪ ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Monitor/a:

***Credes en Deus, Pai e Nai,
que ama de verdade e que nos creou á súa semellanza
para camiñar na vida abrindo ben os ollos?***

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

***Credes en Xesucristo, irmán de todos e todas,
que demostra con feitos achegarse aos que se senten
cansos e tirados nos camiños da vida?***

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

***Credes no Espírito Santo,
que alenta no corazón para abrir con feitos os ollos aos
necesitados de paz na vida?***

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

***Credes na igrexa da caridade
que procura ser exemplo acompañando aos cansos do
camiño?***

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Acudimos a Xesús: El non lle vira as costas a ninguén e acolle a toda persoa disposta a vivir na xustiza e na igualdade para con todos os homes e mulleres. Rezámoslle dicindo:*

ABRE OS NOSOS OLLOS, SEÑOR

Monitor/a:

- ✓ Para ver e axudar aos cansos do mundo de hoxe. Oremos
- ✓ Para escoitar as queixas e as dores das mulleres que sofren violencia de xénero. Oremos
- ✓ Para achegarnos aos que se senten sós e abandonados na vida das aldeas. Oremos
- ✓ Para protestar, e non calar as nosas voces ante os poderosos que, sen escrúpulos, queren abusar do noso rural e da nosa natureza sen importarlles nada. Oremos
- ✓ Para aconsellar cun bo exemplo aos nenos e nenas que están empezando a facer o seu camiño da vida. Oremos
- ✓ Para doernos cos pobos nos que camiñou Xesús e que xa nin sequera poden soñar paz, Líbano, Israel e sobre todo Palestina. Oremos

Celebrante: *Señor Xesús, dámosche as grazas porque nos enches de vida e atendes a nosa voz. En Ti confiamos e queremos vivir na LUZ que Ti lle deches ao cego do Evanxeo. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Acudimos ao Pai de todos, que nos axuda a abrir os ollos e nos ofrece a súa man para camiñar nun mundo cheo de escuridades. Rezámoslle agora no que temos aprendido de Xesús:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante *Danos LUZ Señor e abre os nosos ollos para ver o bo da vida e saber compartilo cos que están á nosa beira; que nunca sexamos cegos para ver aos demais coma irmáns que precisan de nós. Neste momento que pedimos a paz de Deus nos nosos corazóns, desexamos que os máis esquecidos pola sociedade poidan percibir tamén esa paz na súa vida. Sementémola coas nosas mans e fagámonos cribles.*

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *Os discípulos tiveron que ir descubrindo pouco a pouco a proposta de Xesús. Para El vivir é estar á beira, é escoitar e axudar a abrir os ollos.*

Sintámonos orgullosos por vivir a fe a exemplo de Xesús facéndonos cribles nos feitos, e orgullosos tamén por poder enchernos de vida con este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 48** *O pouco que Deus nos dá*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, que os teus sacramentos realicen en nós o que significan.

Fai que sexa un día realidade para nós o que agora compartimos, e axúdanos a medrar, esforzándonos día a día, por facer que Ti e os demais sexades o primeiro mandamento da nosa vida.

Ti que vives e reinas con nós por sempre eternamente. Amén

Gritemos hoxe co corazón, como fixo Bartimeo a toda voz, esixindo camiños de paz porque senón a vida non vale para nada.

Avísase das misas (ver folla do mes)

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén

🎵 **nº 56** *Ide e pregoade*

Podémonos ir en paz. Amén



O cego díxolle:

- Mestre, que volva a ver.

Xesús abriulle os ollos e dixo:

- Vai, salvoute a túa fe.

No evanxeo de hoxe.